
15-2-27
Núm. 38
nós
CASTELAO

NÓS.

BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO
Alfonso R. Castelao

DIREICIÓN E REDAUCIÓN
Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Real, 36 1.° - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce númaros, na Península	**6** pesetas.
Fora da Península	**15** ,,
Númaro solto na Península	**1** ,,
Na Arxentina	**60** centavos
En Cuba	**30** ,,

OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran direitamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

O Pelingrino, por R.

A fontenla viva da nosa cultura, por A. Villar Ponte.

Notas en col da paisaxe romántica, por R. Otero Pedrayo.

A paisaxe no Cancioeiro da Vaticana, por Xosé Filgueira Valverde.

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Os homes, os feitos as verbas, pol-a Redaución.

LEA VOSTEDE *A NOSA TERRA* *IDEARIUM DAS IRMANDADES*

Administración Real, 36 — A Cruña

nós

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX Ourense 15 Febreiro 1927 ★ Núm. 38

O PELINGRINO

Na esgrevia penedía, tempro da soedade,
Onde chora a pantasma divina da saudade,
Entr'os mornos outeiros deita maina fontela
Con soar de psalterio e refulxir d'estrela.
O probe pelingrino empoeirado, desfeito,
(Un corpo que non lembra a quentura do leito,
E na y-alma aniñadas as arelas da espranza)
Vai car'a penedía con firme seguranza.
No farto chán labrego hai lugares d'abondo,
Quéimase na lareira a frouma con estrondo,
Corre escumoso o viño i-o branco pan da terra
Preside a limpa mesa en compaña da xerra.
Hai leito, lume, acougo; o probe pelingrino
Nin-os olla, levado pol-a voz do seu sino.
Sua descoberta frente non pensa na fartura
Pois soilo arela a friaxe da domiñante outura.
A carón do camiño estoupa unha fervenza
E nos cotos de xestas comestos pol-a avenza
Cantan loiras pastoras as historias das fadas,
Dos gnomos e dos elfos, con aire de baladas.

Triste camiñante
Deixa teu andar
Ven ôs nosos circos
Riseiro beilar
Nos verdes lameiros
Ao craro luar
Com'as volvoretas
Imos boligar.

Cangado o pelengrino pol-os aires da serra,
Non escoita as chamadas garimosas da terra.
Á soma d'un cruceiro pensaba un vello monxe
Ó ritmo misteiroso das campanas de lonxe
Chega a noite, camiñante,
Ven comigo a parolar
E na celda do mosteiro
Moito temos que falar.
Os froitos da miña cencia
Teranche que contentar.
O pelingrino n-ouve a tentación do sabio,
Pois xa gostou dos libros o amargurado labio.
As tremantes estrelas choran na fonteliña
E n-auga estrelecida vai deitando mainiña.
As verbas de consolo pr'a probe y-alma núa.
Brinca riba dos montes o novelo da lua...
O pelengrino bica a fríaxe do granito
E sinte nos seus beizos os beizos de infinito.

R.

A fontenla viva da nosa cultura

Libros enteiros poderían escribirse falando do eterno infortunio que afrixe ós nosos aldeáns e mariñeiros, sole e verdadeira xente do traballo no noso país.

ROSALIA DE CASTRO

GALLEGOS E GALEGOS

Vai pra perto de corenta anos, ô desembarcare en Norteamérica, decíalle Parnell a O'Neill istas verbas curidosas: –«Sei que viven nos Estados Unidos e no Canadá, case que un millón d'irlandeses emigrados; veremos se teño a sorte d'atopar alguns irlandeses entr'ese millón d'irlandeses».

Ô falar aisí Parnell quixo estabrecer unha difrencia crara: a difrencia reial e fonda que eisiste entr'os nados na Irlanda e os que, ademais de nados na Irlanda pensaban de xeito intenso nos probremas da illa verde.

Pois eu taméa, sempre que falo n'unha vila galega penso si entr'os *galegos* que m'escoitan haberá algúns *galegos*. E o meu pensamento leva acugulada unha tristura mais fonda que o de Parnell, posto que Parnell refiríase ôs seus paisanos emigrados e eu refírome ôs meus paisanos da metrópoli. ¡Ôs meus paisanos da metrópoli habitadores das vilas, que fundamentan o que eles coidan a sua cultura n'un arredamento ausoluto da terra e da i-alma da terra!

O arquiteito Antón Palacios, pensando nas frases de Rosalía, postas encol d'este traballo, deseñou unha coroa que il xusga a mais espresiva pra pôr sobre do escudo da Galiza. Esta coroa ten como materiaes únicos mazorcas de millo e cónchegas de aviñeira, tan ben dispostas, que dan a perfeuta impresión d'unha coroa mural. Pois ben; esa coroa maxinada por Antón Palacios ofrécenos a verdadeira realida-

de da vida galega. A vida galega é labrega e mariñeira. Vida do «rus», balismada pol-a fouce, embrema do labradorío, que somella un sino interrogativo de ferro aceirado, e pol-o remo, embrema dos mariñáns, que somella un sino admirativo de madeira. A fouce co'a que as maus dos segadores afeitan as fazulas da terra e o remo c'o que as maus dos mariñeiros peitean os cabelos do mare...

Dos dous millóns e medio de habitantes que ten Galiza, según as derradeiras estadísticas, somentes catrocentos mil compoñen as vilas, todal-as vilas, e o resto, ese *resto* considerabre de dous millóns d'almas, moran, traballan e sofren nos campos e nas mariñas, alonxados do elemento vilego e horfos de toda proteición e axuda dos que nas vilas s'educan. Dous millóns d'almas irmás poboadas das nosas paisaxes. Dous millóns d'almas pra quenes mais alá do vencello da parroquia, orgaismo natural, non eisiste outra cousa que unha austracción confusa á que chaman Goberno de Madrí – pra eles Estado e Goberno é o mesmo – que lles arrinca contribucións, que lles leva fillos pra serviren o Rei, que lles obriga a pagar foros, e unha concreción crara, o camiño d'América, que coidan posibre medio do conquerimento do vellocino d'ouro. Mais alá da parroquia, escomenzando pol-o auntamento, todos son cercos hostís á vida do labrego e do mariñán; cercos impoñedores de deberes sin dreitos. I eu penso: Pra o campo fan falla ligas de dreitos do home; pra a cibdade ligas de deberes, enantes que de dreitos.

CONCEITO DA PARROQUIA

A parroquia, pois, é coma mosca na tea d'araña. Na fermosura das nosas paisaxes hai a fonda door dos poboradores d'isas paisaxes. Doores que non ollan ou non queren ollar os vilegos que van pol-o vrán ô campo e á mariña sintindo no fondal da i-alma a paradóxica escravitude que lles impón a moda de pasaren unha tempada, saudosos da mintira urbana, no seio da Natureza libre, na grande libertade dos hourizontes amples, entr'o mar e a montana... Doores que se agora escomenzan a atopar pequeno eco entr'algunhas persoas das vilas mais é, case sempre, por comenencia politiqueira que por arela de fraternidade e de xusliza. E o espríto da paisaxe galega péchase a comprensión dos vilegos vraneantes e dos propagandistas políticos. Porque sin amor non hai comprensión.

Acontece co'a paisaxe – díxolle unha vez Conceución Arenal a D. Francisco Giner – o que con certas pousadas aldeáns, nas que, cando o viaxeiro pergunta: ¿qué hai de xantar? contéstaselle: «o que vostede traia» E iso terá de sel-a paisaxe; o que cada un traia. E que ha traguer – levare, diciriamos millor – á aldeia o señorito que vai a aldeia escravo da moda ou o abogado universitario ou das silveiras que non ve no campo mais que votos incoscentes que se poidan conquerire?

Hérder afirmou que pra intensificarmos o amor á terra, percisábase engadir o conocimento ô sentimento. Ruskin, que comprendendo a Natureza en toda a sua agarimosa sinxeleza. E eisí nós en Lugo, na primeira asambreia nazonalista galega, conformes con Hérder e Ruskin, sintindo deitar bágoas d'emoción dos nosos ollos, ouvímoslle a Banet Fontenla, coma a un patriarca bíblico, estas verbas, todas verdade e poesía, que nos faguian lembrar de Fustel de Coulanges:

«Abonda con votar ás doce unha ollada pol-a parroquia; onde haxa un lume, onde haxa unha chimineia que fumegue, elí hai un voto, elí hai un fogar, unha entidade reial e viva...» E Risco engadía: Elí hai un deus, o *deus agni*, na primeira persoa da sua triple manifestación que se chama aló na India o *fogo de Garhapatya*, centro da familia, base de todo dreito e de toda lei e de toda xustiza. Patriarcalismo, comunidade, supercidadanía. As esencias do vello e eterno dreito ario, d'onde viñeron todal-as leis dos pobos civilizados que viven mais que os imperios e que non'as tumban as revolucións. ¡Cousas vellas coma o mundo que son as mais futuras! ¡Cousas tan de ante que ninguén se lembra de cando pulderon escomenzare e que son tan de mañán e tan de sempre!

¡A parroquia! Unica verdadeira unidade primaria natural da sociedade nosa, que vive nos recunchos da paisaxe obedecendo ô espontaneismo do costume superior a todal-as leis escritas. Rubide a calquer outeiro á hora do mediodía, cando a campana tanxe brindando a oración do descanso, e saberedes fidelmente, concienzudamente, da vida d'unha colectivida-

de campesiña, sin precisáredes de investigadores da Facenda nin d'empregados do Catastro nin de xueces nin de maxistrados. Aquela nube de fume azul que nimba o verdor da paisaxe, escoando pol-as tellas d'unha casa, pertenece ô fogar d'esta familia que se val ben de seu; aquela outra pertenece ô fogar d'estoutra familia que se val medianamente; aquela de mais alá sai d'unha chouza onde a existencia é serodia e cativa; aquela... E o vello petrucio vos irá eisi inventariando todal-as chouzas e faguendo o censo das mesmas sen dubidare nunca, sereo e xusto coma o deus da paisaxe... deus honrado inda que probe, deus filósofo e sentenciador e inda que sin letras...

E descseredes do outeiro, pol-a curripa cobregueante feita c'os pés dos labregos antr'os fentos irtos e os toxales de chourimas d'ouro, recibindo a venia sotene dos piñeiros lanzás que abalan a bris, pensando na mentira do Estado, na farsa do Concello e na verdade da parroquia que unhas leis ausurdas, argalladas por vilegos, descoñecen e esquencen. O venerabre petrucio de brancas guedellas que as ralolas do sol trocan de prata, vos parecerá entón un patriarcal héroe d'unha lenda na que anda a se definire o vello e eterno direito-ario, d'onde viñeran as leis de Manú e as Doce Táboas, os costumes xermánicos e os cánones da Eirexa, todal-as leis dos pobos civilizados que viven mais que os imperios e que non'as tumban as revolucións. E inda eicais buligará d'aquela nos vosos miolos a atrevida conceución d'un posibre réxime de soviets parroquiaes que mancomunados serían capaces de faguer da Galiza un pobo orgánico, un todo vivo e armónico, sin Estado, ê xeito dos Estados d'hoxe.

Levade, pois, a emoción da parroquia na i-alma cando queirades pensar en galego Pensade que toda xustiza e todo dreito terá de se basare na parroquia, verdadeira e primaria unidade relal da nosa terra, ond'as vilas sinifican tan pouco, que non recadan pra sí mais que catrocentos milleiros d'almas, mentres dous millós de galegos, gobernados dend'as vilas en vilego, alén do radio parroquial non ollan outra cousa que capataces ô servizo d'un ente lonxano e invisibre que lles impón deberes a eito e non lles reconoce dreitos de ningunha cras.

¡Às veces, o renxer do carro pol-as corredoiras fondas e frolidas, no mesto silenzo aldeán, lémbranos unha queixa doente, irmán do canto das estepas de Borodine, un terrible salaio oferendado ô ceo pol-a parroquia esquecida e opreixa! Às veces, cando nos decatamos d'este desleigamento que os nosos vilegos esperimentan pol-a aldeia, lembramos aqueles versos fortes e bruadores que Shelley celboulles ôs homes da Inglaterra. «Homes d'Inglaterra – dicía – ¿porqué aradel-a terra pr'os siñores das vilas que vos teñen asoballados? ¿Porque tecedes con traballo e coidado as ricas roupas que os vosos tiranos levan? ¿Porqué alimentades e vestides dend'o berce á cova a eses ingratos vilegos que esprotan o voso suor, mais ainda, zugan o voso sangue?» E entón a poesía de Alfredo Brañas *Como n'Irlanda*, parécenos ispirada. E as nosas vilas parécenos coutos ulsterianos e ulsterianos os centros docentes das mesmas. Non temos presente que na vida terreal poderíamos vivir sin merceiros, sin homes de curia, sin meiciñeiros, sin soldados; sin labregos, non. Un esgrevio esquirtor da nosa raza deixou estas verbas: «Todo o pode iñorar o home sin perigo da vida agás o tempo da sementeira do pan. E os que iñoran esto, son os que se bulran, se cadra, dos que non'o iñoran, que son os peisanos.

A CULTURA ESPECIFICA

Pois ora dígovos: aquel petrucio que nos deu o ben da sua compaña hastra o outeiro, aquel petrucio mestre en agudezas e humorismos, algo filósofo coma todol-os petrucios galegos, según o dito de Unanumo, tan obedente á oculta tradición, antiga e nobre, da Raza, parécenos – como llo parecería a Euxenio D'Ors – que inda que non deprendeu a lêre, posé unha cultura, a cultura específica, orixinal da nosa terra, que o fai superior ôs bachilleres e doutores das vilas, escravos d'unha instrucción mimética e sin alma... Aquel petrucio merece un vitor na nosa universidade futura, porque somentes Galiza ha ser grande, somentes Galiza ha ser Galiza e non un territorio con habitantes coma é hoxe senón un país con almas, cando logre infundir o esprito patriarcal nos ensiños das novas xeneracións. Que ese esprito, o esprito dos nosos vellos, é o eternal esprito, probador da moder-

na teoría da herencia psicolóxica, que inspirou cecais o credo priscilianista e os versos d'Ayras Núñez e as arelas dos irmandiños e os esceticismos de Francisco Sánchez e as páxinas millores dos PP. Feixóo e Sarmento e do crego de Fruime e as *Prozas de Galicia* de Fernández Neira e as *Follas Novas* e os *Cantares* de Rosalía e o humorismo de Eça de Queiroz e a arte de Castelao e Asorey... Que ese espríto é o fondo de permanencia do noso *ser enxebre*, trunfador a través dos séculos de todal-as invasiós estranxeiras, creador dos costumes e das supersticiós do pobo, tantas veces tomadas por ouxeto de burla pol-os vilegos letrados e hoxe estudadas en serio pel-os mais sabios homes de cencia, e fontenla perene é inestinguibre do noso lirismo saudoso... E non falo da raposería que moitos coidan unha virtude da raza, porque a raposería pra nós é o froito de cinco séculos d'escravitude e rebaixamento: a esencia da raposería, chámase cobardía. E se os galegos novos queren ser algo, teñen que empregaren contra a raposería franqueza. Cecais a franqueza castelán sexa un eco do imperialismo de Castela. Por iso o despertar do catalanismo e do vizcaitarrismo, é un feito de franqueza ruda.

Coma xa dixen outra vez, deica o d'agora, dend'a nosa longa decadenza, só os labregos, os aldeans foron artistas dinos de tal nome na Galiza. Porque eles cultivaron e conservaron as cántigas, os bailes, as tradiciós, as saudades, o culto á terra, a riqueza da fala; só eles, co'as suas almas infruídas pol-a paisaxe, consustancializaron o seu ser na eterna armonía do anaco de cosmos onde Deus lles dou a a vida. Todol-os elementos da arte propia ficaron perpetuados por eles somentes a través do tempo. Sin eles, Galiza no pórtico do futuro vería escrito o *lasciate ogni speranza* que Dante leu no limiar do Infemo. Os outros galegos, os galegos das vilas, os galegos de partida bautismal, únicamente, con toda a sua cencia e a sua arte non fixeron cousa fecunda, cousa de trascendencia. Viviron «formando cola no teatro da vida». I-eu digo dos labregos e aldeáns pensando na parábola de Cristo: «Vos sodes o sal na nosa terra, e si ese sal perdera o seu sabor ¿conqué Galiza será salgada? ¡Qué cultos son os nosos campesiños analfabetos!» — cabería afirmar co'a frase de Charstenton. É o *Humus* do que o *Home* foi formado a primeira sustancia da concencia.

A IÑORANZA CULTA

Brindovos, pois, eiqui, a paradoxa d'iste canto á bendita iñorancia aldeán porque semellante iñorancia foi preservadora da nosa cultura esencial; porque dita iñorancia culta perpetuadora da nosa personalidade, da nosa alma coleitiva, ten un fondo de trascendencia superior centos de veces á cultura libresca e reflexa dos desleigados, por outro nome iñorantes cultos. Porque aquela cultura, que é a sabiduría popular sempre viva e falexante, acesa como unha chama vestálica no ecrazón da térra, hanos de permitire ós pensadores galegos novecentistas realizar o que nos séculos IV, XII, XV e XIX, momentos cumios da nosa Historia, estivo a rentes de se realizare. Ben dixo Ortega Gasset: «¡Disgraviada a raza que non fai un alto na encrucillada enantes de proseguil-a sua ruta; que non se fai un probrema da sua propia intimidade; que non sinte a heróica necesidá de xustificar o seu destino, d'emborcar craridades sobr'a sua misión na historia; porque ninguén pode orientarse no Universo senon a través do diverso da sua raza, xa que vai acochado n'ela, com'a pingola d'auga na nube viaxeira...»

Nosoutros, vilegos, por o esquecimento todo, temos esquecido que o camiño de Santiago foi o camiño d'Europa, camiño de duas vías: a vía franca, aberta na terra pol-os pés sangrantes dos pelengrinos e a vía láctea pendurada da bouta do ceo por unha fé que fixo xermolar o noso xenio. E ese camiño hai que volver a abrilo, porque pra abrilo se non precisa da influencia dos políticos nin dos cartos do Estado, senón do esforzo da mocedade universitaria, da prestación persoal dos bos galegos mancomunada c'o espríto dos poboadores dos nosos eidos, que coñecen as verdades en primeira man, según a frase do poeta. Nosa misión non é violentarmos a realidade pra axeitala a un esquema ideolóxico; nosa misión é a de alumear as enerxías autóctonas e deixalas en libertade d'obrar, de cumpril-a sua evolución, desenvolvendo todal-as posibilidás herditarias. Coma dixo Risco, temos que ser mais folkloristas que filósofos, entendendo conforme a frase do mais liberal dos es-

critores ingleses, Chesterton, que nada hai mais democrático que a tradición. Somentes onde hai tradición hai Porvir; e onde non hai tradición somentes hai mimetismo. A tradición é axeitamento ás libres espontaneidades. O consuetudinario é o espello racial. E xa chegou a hora de que nos enfrentemos contra d'aqueles que queren que o pobo queira o que eles deprenderon nos libros, e que resultan inda piores que os tiranos que impoñen a vountade dend'o Poder, porque son os cegadores das fontes cristaiñas da libre espontaneidade popular.

O UNIVERSAL NO CERCANO

Guerra Junqueiro, ô remate do seu poema «Os simples» di: «Tentei unha obra d'arte que fose ao mesmo tempo absolutamente individual, ingénitamente portugueza e vasta e fundamentalmente humana». Veleiqui un versiculo exemprar: o universal no cercano, o latexo de vida de todol-os séculos e de todal-as distancias, n'un latexo noso. A universalidade está nos enardecidos – escribiu alguén – coma a san coor da intemperie nos mariños de carabela. Preocupados ante o doorido sentir alleo, aproveitan millor as horas velando pol-a door coñecida e cercana, porque non precisan gastaren o tempo do camiño nin o da adaptación ô iren mais alá, porqué tran ensiños que aproveitar e millorar.

Un panorama d'inmediacións teria de ser pra cada galego o programa concreto da sua actividade, antes que o valeiro ideario das tertulias de café ou casino. Panorama d'inmediacións representado pol-a nosa campia e pol-a nosa mariña, compoñentes da ***rexión natural***, xa que dentro da bioloxía moderna óllase que cada individuo nasce c'o seu medio propio e que a vida do home é un diálogo antr'o espríto e o seu contorno, diálogo que sosteñen dous millós de galegos inda hoxe e que catrocentos mil vilegos andamos a interrumpire desvencellados da propia e específica cultura por un posticismo cultural xenérico imposto por exósmosis dend'a meseta do centro. I-eu digovos que pra o amor todo mundo é patria; pro que pra o conocemento requírese a limitación ô noso, que trai após de sí a caraiterística mais pura da civilización, consistente en poseer o sentido da reprocidade, según o ten probado Chesterton. E d'isto que xa van decatándose os labregos dos nosos vales, das nosas montanas e das nosas mariñas, teñense que decatar tamén os inxenios abogadescos envenenados pol-as universidades da Edade da Pedra. Envenenados dixen, e dixen ben, porque podedes ouservar, coma teñoo eu ouservado, que son os aldeáns que se fan señoritos de carreira os piores nemigos das reinvindicacións da terra.

Desconfiade dos que, por amor â humanidade, din desenxerguérense de amaren â Patria. ¡E tan doado por os nosos amores nas estrelas! Ise amore pol-as abstraccións lonxanas non molesta, nin eisixe sacrifizos, nin responde con ingratitudes. O dificile é amare moi de perto o que unhas vegadas é ledicia, outras vegadas dôr e moitas tristuras; ô que si cicais nos alixeira a cárrega da vida, outras vegadas é pesadume.

Ises que non aman perto e pertenden faguernos creere que aman moi lonxe, lembran aos seres de sensibilidade perturbada, que se nos emocionan por nada na realidade, e choran cô autore ô lêren unha novela.

O verdadeiro patriotismo, que é amore e desexo da xustiza, non pode endexamais arredare a unhas nazóns de outras, senon xuntalas estreitamente n'unha mesma aspiración. Como non hai patria sin familia, sen patria non pode habere humanidade.

¡O universal no cercano! Eiquí compre ista chamada: o universalismo, reducido a nominalización simbólica esquemática, é Oxford, Cambridge ou a Sorbonna. O cosmopolitismo Sanghai ou Singapoore. Universalista foi Santiago antano; cosmopolita é o Vigo d'hoxe.

Pensade que frente a todal-as entidades astrautas a ***rexión natural*** – â que cada vez a Xeografía moderna vaille concedendo maor importancia – afirma a sua calidá real, meténdose pol-os ollos, e que somentes é rexión, somentes é unidade xeográfica natural aquel anaco de planeta cuios caracteres típicos poden acharse persentes n'unha sola visión. Sô eisí se esprica – di Dantín Cereceda – que a concencia ouxetiva da realidá rexional supervive a todo subxetivismo de doutriña e d'escola, xa política, xa d'outra crás. A Xeografía física ten que conxelionar estreitamente a Xeografía política.

Os elementos e fautores xeranoladores da

concencia nacional son, en primeiro termo, a comunidade do logar xeográfico *(comunanza di sede geográfica*, di o profesor Ricchieri) de que nascen os costumes e analoxía d'intreses e sentimentos. Na creación e caraiter do dreito, da lírica, da épica, da pintura, hai que lle concedere, a pouco que se afonde o análisis, maor intervención á terra e o crima que ô home mesmo. Son mais ben produto da sua recíproca concomitancia. N'ista tésis – afirma Ricchieri – queda iluminado todo o proceso histórico pol-a xeografía mesma – nexo eterno do que foi e do que ha ser, que no variar dos sucesos perpetua a sua esencia permanente. A historia é a i-auga que gurgulla; a xeografía, o oculto depósito do que deita, capaz de lle comunicare sua calidá perdurabre.

Pra todo home – escribiu Dantín, xeógrafo alleo ás ideias políticas – sua nacionalidade é ante todo, seu país, a sua *terra*: a língoa, os costumes, a tradición quedan fundidas n'este termo do que arrincaron. As manifestacións espritoales fillas son do interior do home; pro iste interior, ¿quén o condicionou? ¿Houbera sido o mesmo o misticismo de Santa Ter ixa de ter contemprado a paisaxe galega en troques de contemprar as parameiras d'Avila? Gabriela Cunninghame na primeira páxina da sua obra *Her Life and Times* fala d'isto con notabre craridá. Nunca a paisaxe pareceu interesar ôs crásicos castelás, emporiso o medio se lles adentra; o que parece seu interior hermético non é senon o lago espelleante ond'a paisaxe anda a se refrexare. A visión de Castela que por contraste ofércenos Rosalía nos *Cantares*, é outra proba do dito.

Por eso eu vos manifestaba que Galiza ten unha cultura guieira que é a cultura que latexa nos ditos dos nosos petrucios e nas cántigas das xentes dos nosos eidos. E nós con esta cultura popular, inda que non posêramos nominalizacións de sona universal repersentativas da mesma, poderiamos alardearmos d'un relevе cultural superior ô de Bélxica, verbigracia. Porque Bélxica, país tan progresivo, non conta unha cultura propia con raices tradicionás, e os nomes de Verhaerne, Maecterlinck, entre outros conecidos universalmente, non se achan ligados á tradición belga, non son unha espresión racial como é a nosa Rosalía, merecente de se calificare mais ainda que de poeta da Raza de toda a Raza n'un poeta. Certo que non temos nomes da sinificación d'un Cervantes ou dun Frei Lois. Pro, percisamente, pra aspirare a telos, queremos o recobro do noso espritoalísimo. Que por recobral-o Portugal mostra na épica *cincocentista* o cumio lumioso de Camoens.

O MOLDE COMPOSTELAN

Ora pensemos todol-os galegos na nosa comenencia; pensemos que a Santiego lle corresponde por dreito histórico e por dreito xeográfico, ser a capitalidade espritoal da Galiza. Porque Santiago é a nosa cibdade mais enxebre, a nosa cibdade mais *natural*, e cicais por ser nada d'un miragro. Coma dixo Otero Pedrayo nasce naturalmente no cerco montañoso no que adormece: óllase o granito arrincado das canteiras posto en severas ordeacións con tanta craridá coma vemos erguerse pouco a pouco unha casiña de perpiaño preto da canteira, a carón da estrada. Santiago rise do sol, da lua e da auga. Non'a teme: o contrario, ela continúa a obra dos arquiteitos e dos escultores decorándoo co'as fermosas cooracións dos musgos e liquens, dos orcelos e das parietarias. E por Santiago o curso da civilización mundial que iba camiño d'oriente co'as cruzadas tornou pra occidente.

Santiago, sede da groriosa cultura do século XII, centro e *omphalos* do antigo mundo ocidental que atraiu a Galiza un tempo a Europa inteira xunguíndonos con ela direitamente e independentemente do resto da Hespaña; Santiago superador da arte románica c'o poema en pedra do mestre Mateo, e masculinizador da arte barroca, coma podedes ouservar na Eirexa de San Francisco; Santiago, pobo universitario, onde cada pedra lembra unha groria e onde cada groria áchase petrificada; Santiago, onde o siñor de Lanzós concibiu os estatutos dos irmandiños, onde Carlos V foi rechazado pol-o pobo, a nobreza e o crero; onde Antolín López Faraldo formou o seu cerebro e Brañas e Cabeza de León sentino o rexionalismo e Pondal fixose bardo e Díaz de Rábago agrario e López Ferreiro hestoriador e Cotarelo enxebre e Taibo poeta e Rosalía áchase durmindo o derradeiro sono; Santiago, posto providencialmente coma xigantesca estrela de granito labrado n'un punto

equidistante por igual das ondas do mare de Vigo que cantou Martín Codax e das ondas do mare da Cruña que espellaron a imaxe de Breogán, tén a obriga de ser a cabeza xermoladora da cultura nova pol-a que peitamos con fé os que xa chamamos ô Atlántico *o mare nostrum*, porque é o mare das descobertas, o mare celta, o mare pol-o que rolan as brétemas velaíñas levando e traguendo saudades. .

Todos queremos que Santiago seña outra vez a capital direitriz da Galiza e non sepulcro xacente d'un pasado, coma agora. Mais pra selo non lle abonda con se considerare ínsula d'homes ilustres e herce de lembranzas groriosas pra recreio de turistas. Necesita crear homes *egrexios*. Porque poden acharse moitos homes ilustres n'aquel pobo, coma n'este e n'outros; pro egrexios, poucos. Poucos egrexios, entendendo que egrexio quer dicir etimolóxicamente, fora da grey e da grea, por riba do rebaño. E fora da grey, por riba do rebaño, somentes están os loitadores, os que se non adican a liquidaren o caracter coma diciría Ganivet – pra faguejo adatabre a todal-as vasixas que lles ofrerza calquer oleiro con mando. E Santiago hoxe, si fai ilustres e ilustrísimos, non fai egrexios, non fai homes de caracter sólido e insolubre. E eu non sei de nada mais triste que os sabios que liquidan o seu caracter pra non molestaren a ninguén.

Ôs derradeiros historiadores alemáns, os historiadores post-monsenianos – coma fixo ouservar ben Euxenio Montes – afirman que Roma, a maior e millor estructura social que houbo endexamais, foi feita xermolar pol-os rapaces deportistas que moraban alonxados das cibdades vivindo unha vida d'*esport* e d'estudo. E o país que, según Emerson e Chersteton, relembra hoxe a Roma, o país de millor estrutura política autual, Inglaterra, foi precisamente quen inventou o fútbol e sintíu a primeira devoción pol-a paisaxe, chegando na sua arte â humanización dos animaes. Lembrade a escola dos *laquistas*. E logo pensai – chegando â mais sinxela das síntesis – que o rusticismo deulle a forza a antiga Roma republicana e anda a vigorizar a moderna Inglaterra, verdadeira República coroada. E concruíde que pra que non sigan xenerando almas de xelatina as nosas vilas e cibdades é preciso ollar ô campo e ô mare, na esculca do verdadeiro ser da raza, que alenta inda vivo no espírito dos aldeáns e os mariñeiros, a soya xente do traballo no noso país, como dixo Rosalía.

A. VILLAR PONTE

Notas encol da paisaxe romántica

Será doado fixar algunhas carauterísticas da interpretación romántica da paisaxe? Sempre fumos nemigos das crasificacións e catalogacións na radiante e difusa materia poética e coidamos que a fé, moitas vegadas incoscente, nos sistemas da historea literaria é culpabre en grande parte da priguiza espirtoal e da suficenza burguesa da maor porceón do púbrico letrado. Non me cansarei de padricar ôs mozos que fuxan dos prólogos, das críticas e dos manuales, d'incitralos pra que afonden destemidamente no misteiro das almas dos poetas e dos filósofos. Si a impresión deixada n-iles por Goethe, por Rousseau, por Proust, é contraria â que doumatizan os críticos oficiás, millor, e si despois de leer e pensar algunhas páxinas resolven deixar o libro no estante pra bolarse a axexar pol-o campo o frorecer novo das acacias, millor que millor. Mais sempre que se cumpra co-a limpa arela de leer e de pensar.

Pra facer as notas seguintes teimei un procedimento sinxelo: maxinarme que teño dazasete ou dazaoito anos, i-esquecendo toda a estratificación de comentarios e relacións que se teñen doutamente acugulado sobre dos grandes románticos, entrare nas suas páxinas c'aquil novo curazón pra facer n-un coaderno de crase unhas notas espalladas pr'o meu uso particular. Mais ben que liñas cosirutivas, itinerarios topográficos com'os que fan os viaxeiros en espera de que co tempo s'erga o mapa compreto da rexión. Sistema de paseante isolado. Ledo vagar nas horas sereas deixadas pol-o latexar das paixós. Xogo. Non esqueza o leitor que volla en miña compaña ôs dazaoito anos.

O método e ben romántico. Xa nas crases ouvimos decir que Rousseau fora o descobridor da natureza no senso moderno. Será certo ou non. Isto de poñer marcos na Historea das almas é demasiadamente ambiciosa. Seméllase ô dito tamén ben acreditado do que o Petrarca fora o pirmeiro en apreciar a beleza das montanas. Seguiríase, de ser certo, que o Renacemento soupo ollar a natureza e n-hai afirmaceón tan arbitraria. Millor a sentiron os poetas dos Canzoneiros, os monxes arredados na soedade dos cumes, os pintores framengos de Bruxas, de Gante, que non axexaban nas escumas o xurdir do lombo da sirena, nin facían a Xúpiter presidente das nubes tromentosas. Os homes da Edade Media levaban dentro d'eles unha filosofía e proieulábana na paisaxe. Igoal os modernos i-os novecentistas, todos levamos unha filosofía mais ou menos confesada.

Voltando a Rousseau, abrimos o seu derradeiro libro: *Reveries d'un promeneur solitaire*. Non parés feito por home vello, desfeito, ventando pol-a morte. Tén anacos – os millores – feitos pol-a mau d'un mozo, de neno grande, insatisfeito, mal criado e xenial que sempre foi Rousseau.

Unhas liñas. O autor botaniza. Sinte emoción sinxela ô parecer na catalogación d'unha herba. En troques o mundo mineral non ll'interesa: «le règne mineral n-a rien en soi d'aimable et d'atrayant» Ben é certo que o conceuto de roca non se tiña formado i-a mineraloxía era tida por estudo noxento ou chifladura de rico. Inda na Italia de Stendhal, un principe parvo non arelaba senón facer medrar a sua coleiciión de minerais. Os pobos i-as leendas celtas sentiron millor a beleza dos requedos. A relixión das pedras está n-iles ben incada Chateaubriand camiño do Norte americano, desembarcado na nebcenta Terranova, fai con laxes unha especie de dolmen, lembranza da Armóreca deixada.

En Rousseaun, e sen salr dta *Reveries*, temos a maneira de paisaxe garimosa ôs primeiros románteeos. Logo houbo o Sul, o Oriente, a paisaxe humanamente apaixonada das ruinas e dos ce nitérios. O devandito é un vago paisaxe do Norte e millor do Norte outonizo. Rousseau fala do lago de Bienne: «as orelas son mais salvaxes e románteeas qu'as do lago de Ginebra porqu'as rocas e os arboredos chegan preto da i-auga». Nótese o emprego da verba *románteeas*, en 1777 ou 78. Inda faltaban moitos anos pr'a decapitación d'Andrés Chenier, pr'o prefacio de *Cronwell* e pr'o *Hernani*. O centenario do Prefacio cai n-iste ano de 1927.

É decir qu'o romantismo na verba e no senso, mais escrusivamente no noso tema da paisaxe, é mais vello que Rousseau. Ispiraba as literaturas xérmánicas, coma mostrou Mad. de Stael na *Alemagne* traducindo o pensamento de Schlegel no seu *Curso de Literatura*. Cando os profesores s'ocupan das cousas, é qu'as cousas van maduras. Literariamente estaba formado na Gran Bretaña i-en Suiza, terras montesias.

Un dos millores capítoos da *Historia da Literatura ingresa* de Taine adícase a amostrar o xurdimento do novo espríto no peisano escocés Roberto Burns. Dend'il a balada e a montana escocesa foron a novidade i-a avangarde. Mais forte foi o infruxo de Thomson e d'Osián.

Nas *Estaciós* de Thomson (sería curioso facerse unha bibrioteca de libros inspirados pol-o cicro do ano, dend'as meditaciós cristiáas pra cada dia, hastra as *Sonatas* de Valle-Inclán i-os *Peisanos* de Reymont. O vivir das vilas esquece demasiado o ritmo cósmico) choulan as cachoeiras, galga o mar car'os cons, baixa o ceo neboento sobr'os bosques saloucantes. O sensualismo ingrés tiña descoberto a natureza n-un senso aitivo. Xa non era unha decoración, senón unha chea de personaxes. Pol-o mesmo tempo, no comenzo do XVIII, Kent, un pintor, inventou o xardín ingrés. Outros pintores ingreses fixeron paisaxe moderna. Ingraterra non se pode pensar sen a paisaxe en primeiro termo. Londres medra gardando nos seus tentáculos anacos de paisaxe, a aveiza pasta en verdadeiros lameiros a caróa do asfalto vilego. Un orgulo salvador de raza de gentlemen cazadores, de yeomen do Norte, endexamais ben metidos na vida de salón dinantes, agora na de cosmópolis.

En Thomson atópase por primeira vegada a verba *romantismo* e unha das suas xustas apricaciós. Mais nos orixes hai unha soma mais poderosa: Osslan. Pouco importa a mistificación literaria. Hai un latexar que enfeitizou a xenios tan difrentes coma Napoleón, Cha-

teaubriand e Goethe. Cicais quen millor sentiu a poesía cósmica do ermo outonizo i-a forza étnica da raza atlántica da veiramar, foi o noso Pondal. Tén seu moimento feito pol-as brétemas dos mares do Norte. Non é enxebre no senso vulgar da verba, sendo o millor intérprete da paisaxe nas nosas letras.

Nos orixes románticos andan – entr'outros – dous suizos ben esquecidos. Un foi naturalista, non botáneco coma Rousseau, senón atento estudoso estasiado no misteiro dos pregamentos alpinos: Haller. Antes do seu poema, os Alpes eran tidos por feros e salvaxes desertos, bós pra cruzalos de présa, coma fixeron César, Benbenuto Cellini, o crásico i-espirtoal Presidente des Brosses. Craro que no pobo e nos monxes había unha impresión da poderosa natureza que non se manifestou na literatura *culta*. O outro suizo, Gessner, foi moi lido na España no século pasado. Logo soilo quedou com'un eixempro de poesía pastoral nas retóricas, por sere mansiño e d'un deismo inocente. De fixo infruíu nós poetas galegos do rexurdimento moderno, inda que non sexa doado calibrar a sua aición.

Cando no 25 de febreiro de 1830, Benxamin Constante, Chateaubriand, Mad. Recamier, ollaban dend'os palcos a batalla de Hernani, o Romantismo tiña frorecido suas millores posibilidás. Na interpretación da paisaxe chegou moi logo e seguiu idéntico a sí mesmo. Todo veu do Norte: os cemiterios de Young, a Edade Meia de Walter Scott, a marcha ou estadea dos mortos de Bürger, o satanismo de Byron. O leitor terá istas indicaciós soilo com'esquemas de *memorandum*, pois n'hai vagar pr'outra cousa. Pra rematar, imos comparar dous pasaxes de mocidade.

«Estamos defendidos pol-as rocas do Jura. Erguerse, andar nos chaos e nos bosques, sentarse â soma, falar das cousas políticas, preveñir os acontecementos, voltar â hora do sinxelo compango». (Lamartine, no 1815).

«Estou en Versailles fai catro meses: mais é de verdade estar en Versailles? Non deixo o leito, nin puden ir unha soila ves ô castelo, nin ô Trianón, nin a ningures. Abro os ollos na noite pechada e pergúntome si o lugar herméticamente pechado e alumeado pol-a eleutricidade no que vivo está posto n'outra parte millor qu'en Versailles, do que non ollei unha soila folla murcha boligar sobre ningún dos estanques. Tal é miña bela mocidade e meu belo vivir. Somentes dos meus pensamentos estremadamente resiñados coma un que tén todo perdido e ren pode perder, trouxo vosa carta moita tristura. Estivo enferma? Está vosté cansa? É triste? É imposibre e será preciso que vos vexa en Paris». (D'unha carta do grande Marcel Proust, en 1890).

Estas liñas saien do noso tema da paisaxe, mais teñen ensinos que non compre sinalar.

RAMON OTERO PEDRAYO

A paisaxe no Cancioeiro da Vaticana

(Proseguimento)

poil-o cervo hi ven
esta fonte seguídea ben...

(1.ª e 2.ª)

791

Marchou o mozo que diante da nai fixose o coitado pra mellor gañala. Diálogo entre a nai e a filla. Outra das cántigas inmorrentes do Cancioeiro. Di a filla:

Tal vai o meu amigo,
con amor que ll'eu ei,
como cervo ferido
de montero del rei.

Tal vai o meu amigo
madre co meu amor,
como cervo ferido
de monteiro maior.
E se el vai ferido
irá morrer al mar
si fará meu amigo
se eu del non pensar

(1.ª, 2.ª e 3.ª das 5)

Anque escollín, por típicas estas cántigas, ainda tén outras que falan das fontes, o Cancioeiro, entre elas a 271 de Soares Coello do mesmo tema que a 793 de Pero Meogo.

O PINTORESCO

Lembrarei un caso do pintoresco, ben contraposto ô liñalismo de todal-as cántigas de amigo, de rara persistenza no romantismo do século XIX. Tópase na c. 825 de Pedr'en Solás.

A que vi antr'as amenas,
Deus, como parece ben,
eu mireila das arenas
des i penado me ten.
Eu das areas la mirei
des entón sempre penei..

O TÉMERO

O témero na paisaxe do Cancioeiro é a serra allea e hirta. O suxeto do serventesio de don Afonso pasouna na sua fuxida:

O que foi pasar a serra
e non quis servir â terra... (1)

A idea das donas barudas xúntase â das serras. Di Alvaro Afonso:

...a terra de Cintra, ô par d'esta serra,
vi unha serrana que braadava guerra (2).

Das prantas o toxal e o pouco belido. N'él se meteu o Don Estebo de Soares Coello:

.. ou se o vise andar fora da vía
como o eu vi en xunt'a Amarante
que non sabía sair d'un toxal. (3)

Das aves, os corvos xa citados.

O LAQUISMO

Na xa citada cántiga 902 de Fernand'Esquio, tópase un caso de laquismo ben notabre na poesía dos Cancioeiros pol-a infruencia que amostra:

Vaiamos, irmana, vaiamos dormir
nas ribas do lago hu eu andar vi
a las aves meu amigo.

(1) Don Alfonso X, c. 77.
(2) Alvaro Afonso, c. 410.
(3) Soares Coello, 1011.

O MAR

Tres grandes segrels de xeito mariño e inspirazón oceánica tén o cancioeiro: Xohán Zorro, Pai Gomes Chariño e Martín Codax. As sñas cántigas, como as dos outros moitos cantores do mar na nosa poesía medioeval, teñen a mais fonda difrenza de estructura e ritmo cos demais cantos d'amigo e somellan sére feitas sobor dos temas musicaes cantados pol-o pobo nos barcos e nos peiraos.

O motivo poético mais usado é o da dona que agarda no porto ô seu amigo ou o da que vai gozar con él no mar. Abondan os paralesismos das vagas e do amor e as referenzas ô baño ritual do que é lembranza o da Lanzada. A saudade dos que van e dos que esperan tén no Cancioeiro moitas manifestazóns que elixen o mar e a ribeira pra se localizar. O mar ou o río levan poucos epítetos, os cisixidos pol-a métrica somentes. O mar pode sere *salido, levado,* e *alto, salgado, forte.* As ondas son tamén *altas,* ou *grandes,* ou *costeiras.*

As cántigas que se refiren ô mar son as mais forlemente fermosas dos Cancioeiros.

Da serie poética de Xohan Zorro (751 a 761 incluidas) soio tres trovas non falan do mar, as demais o teñen por principal motivo. Así:

753

Per ribeira do río [alto]
vi remar o navío [barco]
e sobor ei da ribeira! (2)

754

En Lisboa, sobre o mar, [lez[
barcas novas mandei labrar [facer]
ai, miña señor belida! (3)

755

El rei de Portugale
barcas novas mandou labrare,
e la irán nas barcas sigo
miña filla e vos amigo! (4)

(1) Os poetas do Vaticano que falan do mar son Pero Meogo, Roi Fernandes, Xuiao Bolseiro, Xohan Zorro, Mendiño, Roi Paes de Ribela, Esteban Coello, Don Alfonso o Sabio, Xohan Soares Coello, Don Denis, Fernandes, Nuno Tornerol, Gonzalo Eanes do Viñal, Pai Gomes Charino, Martin Codax, Airas Nunes, Pero Gonzalez de Portocarrero, Alvero Afonso, Per Amigo de Sevilla, Bernal de Bonaval, Pedr'en Solas, Fernand'Esquio, Nuno Porco, Xohan de Avoin e Xohan Airas.
(2) Poño as duas prin'eiras estrofas das seis que tén.
(3) Duas primeiras das catro.
(4) Primeira das catro.

757

Pel-a ribeira do río [alto]
cantando ía la dona sigo [d'algo]
d'amor:
– Veñan as barcas
pel-o río a sabor (1)

758

Mete el rei barcas no río forte;
quen amigo ha, que Deus llo amostre;
a la vai madre,
e ox'el suidade! (2)

759

Xus a lo mar è o río
oxe namorada irei
u el rei arma navío
amores con vosco m'irei (3)

760

Pel-a ribeira dò río salido [levado]
trebellei, madre, con meu amigo [amado]
amor ei migo,
quen non ouvese.
Fis por amigo
que non facese?

Non esclarexarei o argumento, de seu craro, d'esta serie narrativa, cicais superior á de Codax nos recursos métricos anque de moita menor importanza poética.

Paio Gomes Chariño, outro dos catro grandes cantores do mar, almirante, e señor de Rianxo tén cánligas de tipo mariñeiro feitas sobre temas musicaes populares. A 401 xunta o motivo erótico das froles co do mar:

As froles do meu amigo [amado]
briosas van no navío, [barco]
e vanse as frores
d'aquí ben cos meus amores.

Briosas van no navío, [en o barco]
para chegar ao ferido, [fosado]
e vanse as frores
d'aquí ben cos meus amores.

Para chegar ao ferido, [fosado]
e servir mi corpo belido, [loado]
e vanse as frores
d'aquí ben cos meus amores (4).

(1) Enteira.
(2) Primeira das duas.
(3) Primeira das catro.
(4) Integra.

Esta cánliga de ideia craramentes desenvolta movimento aquecido e xusta proporción é unha das mais rigurosamente perfeitas do Cancioeiro según os cánones da versificazón dos troveiros. Baixo os seus versos están, non embargante, os remos a bater nas augas como na 429, de caraiter somellante na que aparés o Apóstolo como padroeiro no mar.

Al Santiago, padrón sabido
vos m'adugades ô meu amigo
sobre mar ven quen frores d'amor ten
mirarei, madre, as torres de Xaén (1).

Cicais perlescente á mesma serie, en parte non coñecida por nós, é a razón 424 onde o mar aparés no seu aspeito tráxico:

Dixéronm'oxe, ai amiga, que non
é meu amigo almirante do mar,
e meu corazón xa pode folgar
e dormir xa, e por esta razón,
o que do mar meu amigo sacou
saqueo Deus de coitas c'afogou... (2).

De todos coñecidas son as cántigas de Codax. O estudo de Oviedo (3), nunca ben gabado, afórrame de insistir no seu eisame. Lembrarei, pois, soio o mais sainte do moito que teria que recoller eiquí do meirande dos nosos poetas mariñeiros. Xa teño falado da interrogazón ás vagas (4):

Ondas do mar de de Vigo,
se vistes meu amigo,
ai, Deus, se virá cedo? (5).

Tén interés remarcar a alusión á contemprazón das ondas, que fan lembrar ô amado:

Miña irmana fermosa
treides conmigo
a la eirexa de Vigo,
hú é lo mar salido,
e miraremol-as ondas (6),

e do baño, xuntoiro dos corpos, como o amor o é das i-almas:

Cantas sabedes amar, amigo,
treides conmigo a lo mar de Vigo
e bañarnos hemos nas ondas (7).

(1) Integra.
(2) Primeira das tres estrofas.
(3) Vd. B. A. G., números. 112-118.
(4) Véxase a interrogazón ás cervas de Pero Meogo.
(5) Codax, c. 884. Vd. 890.
(6) Codax, 890.
(7) Codax, c. 888.

A lembranza do amigo pol-a contemprazón do mar non aparés en ningún segrel espresada con tanta cralidade como en Roi Fernandes que di:

Cand'eu vexo las ondas
e las muit' altas ribas
logo mi veñen ondas
al cor, por la belida;
maldito seia el mare
que me faz tanto male.

Se eu vexo las ondas
e vexo las costeiras,
logo mi veñen ondas
al cor, pol-a benfeita;
maldito seia el mare
que me faz tanto male. (1)

En troques o motivo do baño tén moita menor importancia en Esteban Coello, c. 322 que di na primeira estrofe:

Se ox'o meu amigo
soubese iría migo
eu al río
me vou bañar
al mare.

Nos outros poetas menores do mar tópanse as caraiterísticas notadas n'estes tres e ainda os seus temas como vemos son repetidos de cote. Así en Xulao Bolseiro:

Nas barcas novas fois'o meu amigo d'aquí
e vex'eu vir barcas e teño que ven hi
miña madre, o meu amigo! (2).

I-en Nuno Fernandes Tornerol:

Vi eu madre andar
as barcas en o mar
e mórrome de amor (3).

tópanse os motivos de Xohan Zorro, elsaltados en Gonzalo Eanes do Viñal:

Cando eu sobi nas torres sobre lo mar
e vi onde soía abafordar... (4)

como en Nuno Porco:

Irei a lo mar vel-o meu amigo,
preguntalo ei se querrá viver migo,
e vou namorada! (1)

Moitas mais cousas sabemos do mar e dos frobeiros. Nos cantares andivo que Pero d'Ambroa, por medo ou pol-o que fora, non embarcou nunca:

Pero d'Ambroa sempre oi cantar
que nunca vos andastes sobre mar... (2)

Per'Amigo de Sevilla conta como se lle ofrecen pra ficar como pagada sua unha rapariga natural do mar, cando veu en romaxe a Compostela (3).

Pol-a sua parte D. Afonso X cando andaba desacougado dábaselle por embarcar e por coidar no mar, contrariamentes ô que lle pasaba a Pero d'Ambroa e non pra faguer o que fixo D. Fernando que «conquís de mar a mar» no verbo de Pero da Ponte (4). Don Afonso de Castela e de León confesa co espanto das armas «por cuanto mui perigosas son» que o mellor «é un bon galeón que m'alonge muit'axiña»... e jura por Deus non traer manto, nen grañón, nin ter razons d'amor, nen amar e adicarse a ir «pol-a mariña vendend'o ceb'e fariña» ca xa fora mariñeiro e queríase gardar do alacrán (5).

CABO

Deixei adrede pra rematar a soia cántiga con que Meendiño aparés no Cancioeiro da Vaticana porque coido espresa, millor que ningunha, o sentimento da paisaxe e da sua saudade. N'ela a paisaxe son as ondas do mar, pero non xa como decorado, fondo pasivo ou acidentalmente atuante, senón como principal elemento da ación. Esta cántiga, a 438, arrédase pol-o seu caraiter de todal-as outras e garda nos seus dazaoito versos un sintético dramatismo. Pra min é a mais lograda manifestazón poética do noso medioevo e

(1) Roi Fernandes, c. 68, integra.
(2) Xulao Bolseiro, c. 774 e 778.
(3) N. Fernandes Tornerol, c. 246.
(4) Gonzalo Eanes do Viñal, c. 809.

(2) Nuno Porco, c. 713.
(3) Gonzalo Eanes de Viñal, c. 1004.
(4) Per Amigo de Sevilla, c. 650.
(5) Pero da Ponte, c. 574.
(6) Don Afonso o Sabio, c. 65.

penso que a escorrelta ordeazón da métrica no impulso, oscilante e crecente de vaga, que a anima, non foi superada ainda nos novos. Di.

Seriam'eu na ermida de San Simón,
e cercaronm'as ondas que grandes son,
en atendend'ô meu amigo!
Estando na ermida, ant'o altar,
cercaronm'as ondas grandes do mar,
en atendend'ô meu amigo!
E cercaronm'as ondas que grandes son,
non ei barqueiro, nen remador,
en atendend'ô meu amigo!
E cercaronm'as ondas do alto mar
non ei barqueiro, nen sei remar,
en atendend'ô meu amigo!

Non ei barqueiro, nen remador,
morrerei fermosa no mar maior,
en atendend'ô meu amigo!
Non ei barqueiro, nen sei remar,
morrerei fremosa no alto mar,
en atendend'o meu amigo!

Con esta historia de amores quero rematal-as miñas verbas de oxe cativo adobio d'unhas papeletas adicadas ôs que non tendo vagar de enxergar o comprex › dos nosos Cancioeiros queiran coñecel-as belezas que gardan e os probremas que suscita o seu estudo.

XOSE FILGUEIRA VALVERDE

Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Ditos referentes a xentes e pobos.

De Carballiño bó pan e bó viño
En Portela de Lamas ricas damas
En Toresas parar poucas veces
En Pereiros fúxeme ôs carreiros.
No Paraño corre que te apaño
Nas Antas moito frio e poucas mantas
Soutelo moito pago e pouco bebo
En Vilapouca dano de pé por non gastal-a roupa.

—

En Cerdedo moito pago e pouco bebo
Cañotos os de Pedre
Farraquiteles (1) os de Sacos
Ladrons os de San Xorxe
Alpurrantes (2) os de San Xorxe
Saramagueiros os de Viascón
Tratantes os de Tenorio
Carreteiros de Mourente
Refugallo en Rebordelo
Xente honrada en Carballedo.

—

De Bora un e de Xeve ningún

—

Dous de Xeve e un de Bora botan
ô maestro fora da obra e se vai
un de Marcôn hastra vai o patrón.

—

Pra maestros de alboradas, Lugo ten a fama.
Pra tripas en Ourense.
Viño tinto en Ribadavia.
Pra porcos na Cañiza, que nunca foron lavados.
Pra capas Ponteareas, e no Porriño roubadas.
Sardiña salada en Vigo.
Ostras na ponte San Payo.

—

Estoupa - xogos os de Loureiro
Na Lama xanta e vaite
Atestados os de Barcia
Besteiros na Corredoira
Farramonteiros os de Caroy.

—

Isles ditos foron recoilidos en Carballeda

(1) Farraquiteles é unha verba dos canteiros.
(2) Alpurrantes tamén é verba dos canteiros.

(Cotobade) de boca d'un vello cego. Carballedo é terra de canteiros que van e veñen, e isles ditos refirense ôs seus viaxes.

Habia refrás, según din, que seguian o camiño dende Madrí do xeito que os da pirmeira riola siguen o de Ribadavia a Mourente (Pontevedra) seguindo a estrada que vai a Madrí. Eixempro: Altas casas en Madrid – Colexos en Peñaranda, etc.

CASTELAO

Folk-lore de Cariño.

Teño unha navalla nova
tres pesetas me custou
catro ben as vale
cinco xa mas dan
o que a queira en seis
que veña a miña casa
buscala en sete
que en oito poida que lla deixe.

Recollida en Cariño, Condado de Ortigueira

Ben-Cho-Shey

Orazón a S. Miguel

San Miguel está en la puerta,
con la capa descubierta
preguntando, preguntando
por las borlas del cordón.
Yo le dije una oración,
oración al peregrino
cuando Jesucristo vino
Y se puso en el altar
con los piés echando sangre
Y las manos a tobal
Y le vino Magdalena
que se los vino limpiar.
Tente, Magdalena, tente
no me vengas lastimar;
estas son las cinco llagas
que tenemos que pasar
por los vivos y los muertos
los cristianos observar.
Encontré una señora
muy devota del rosario
le pregunté donde iba,
me respondió caminando:
Anda niña, anda niña
que al pronto que lleguemos
le estarán crucificando.
Angeles van para el cielo
todos van en procesión,
debajo de aquel pendón
va Jesucristo clavado
clavado de pies y manos
con la lanza en el costado
la sangre que de él caia
caia en un cáliz sagrado
los hombres que de ella beban
serán bienaventurados.
El que esta oración dijere
todos los viernes del año
sacaba un alma de pena
y la suya de gran pecado

Recollido en Cariño, Condado de Ortigueira

Ben-Cho-Shey

Orazón pra denantes da se deitar

Na miña camiña me deitei
sete anxeliños encontrei:
tres ôs pés, catro â cabeceira
Nuestra Señora pol-a dianteira.
Ela me dixo: durme e repousa
non teñas medo a ningunha cousa.
Con Dios me deito, con Dios me levanto,
con la Virgen María y el Espíritu Santo.
Arca Sagrada divino secreto
donde Nuestro Señor está encerrado
con llaves como ún hombre muerto.
A cantar de gallo primo
sete anxeles conmigo
sete libros están lendo
sete candiles ardendo.
San Vicente, meu parente
que me puxo la cruz en la frente
para que el demonio non me tiente.
Amen, amen, Jesús.
Cristo muerto en la cruz
nin de noite, nin de día
ni en la hora de mi muerte
desampare el alma mia.

Recollido en Cariño, Condado de Ortigueira.

Ben-Cho-Shey

Non deixe de mercar

COUSAS por CASTELAO

Prezo CATRO pesetas

OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

HOMENAXE A UN PRECURSOR

A Real Academia Galega quixo rendirlle un homenaxe a D. Francisco María de la Iglesia no pirmeiro centenario do seu nacimento que se cumpriu o 2 de Febreiro.

Con este ouxeto organizou unha velada no salón de festas do «Circo de Artesanos» da Cruña â que asistiron os fillos do relembrado, D. Santiago e doña Eladia.

A velada foi moi solene. Abriuna o Presidente da douta corporación D. Eladio Rodríguez González, lêndo unhas sentidas cuartillas acuguladas de loubanzas para o ilusire patriano compostelán.

O Sr. Carré Aldao deu a coñecer ô púbrico seguidamente, n'un traballo notabre, algo da laboura enxebre e cultural feita por D. Francisco María de la Iglesia.

Pronunciou logo un discurso en galego Antón Villar Ponte, cantando de xeito incidental á libertade é a rebeldía, nai da hestoria.

D. Fernando Martínez Morás leu un estudo brilante de Amor Meilán, encol da persoalidade do relembrado; e despois unhas cuartillas de D. Alfredo de la Iglesia, fillo de D. Francisco, nas que se apuntaban conceptos moi interesantes en relación co'a época dos primeiros «precursores».

Pol-o derradeiro, doña Eladia de la Iglesia, ateigada d'emoción, n'unhas cuartillas tamén, dou gracias â Academia, pol-o homenaxe feito a seu pai; e D. Santiago de la Iglesia pechou o acto c'un discurso elocuentísimo, evocando a Galiza de mediados do século XIX, no que demostrou que sin libertade non pode frolecer o arte.

A síntese de canto se dixo na velada é esta: que D. Francisco María de la Iglesia, nado en Compostela, foi un mestre d'escola exemprar que levaba os seus alunos á faguer xeiras pol-o campo, de caraiter cultural, falándolles na lingua materna; que fixo descobrimentos arqueolóxicos; que recolleu datos folk-lóricos; que escribiu moitas poesías galegas e que compuxo o primeiro drama enxebre «A Fonte do Xuramento» e o primeiro libreto de zarzuela escrito na nosa lingua, ó que puñera música Pascual Veiga; que tiña un corazón humanitario que lle levou a consolar ós coléricos e a amortallalos cristianamente cando aquela famosa peste que azotou á Galiza; que prantou arbres que inda hoxe se conservan na Cruña, que, pol-o mesmo, merecente sería d'un capítulo no libro de Murguía «Os precursores».

Coma compremento da velada de que falamos o coro «Cántigas da Terra» o remate d'ela cantou a Alborada de Veiga, en homenaxe a D. Francisco María de la Iglesia, que según sabedes, foi autor da letra.

A Academia Galega tenciona faguer outros homenaxes semellantes a insines centenarios, do século pasado, que traballaron moito pol-a cultura galega e que hoxe fican xa esmorecidos para a maoría dos seus paisanos.

E merecente, pois, d'un aprauso por empresa tan xenerosa e patriótica.

O SENTIMENTO NAZONALISTA E O INTERNAZONALISMO

INGRESOU no Seminario de Estudos Galegos, como socio correspondente, Ramón Vilar Ponte. D'este leu un traballo, Xavier Pardo, titolado «O sentimento nazonalista e o internazonalismo» que coidamos debe de se imprentare e faguelo púbrico, posto que demostra con argumentos rexos e con xuizos autorizados d'ilustres pensadores radicaes dos pobos mais progresivos do mundo que o internazonalismo non somentes é compatibre c'o nazonalismo, senón que sô pol-o desenrol-o triunfo dos ideaes nazonalistas, poderá chegarse a unha verdadeira e fraterna estruturación internazonalista.

Por suposto, que Ramón Vilar Ponte conclúe, esgrimindo razóns crarísimas, que o nazonalismo que él defende — e que é noso — resulta nemigo do imperialismo.

O IDEAL AUTONOMISTA NA ALSACIA

NUN artigo pubricado en «El Sol», falaba Gaziel do problema alsaciano, do que dixo Corpus Barga que é «primeiro gran novo problema da política interior francesa». Tratase d'un pleito autonomista, tanto mais serio canto que Francia non entende de ningunha cras de autonomismos.

A Alsacia saíulle un alma diferente da francesa, e como di *Gaziel* con grande lóxica, o feito é grave: porque cando a unha masa de homes lles sal un alma, tardan pouco en aspiraren, pol-o menos, a ter tamén un corpo, inda que, sexa serodio.

O se dar conta de que tiña un alma foi o que fixo xurdir na alsacia iso tan rudo, tan abraian-

te e inesperado que é o alsacianismo. O alsacianismo que xa alporizou ôs centralistas políticos franceses, levandoos a tomaren rexas medidas disciprinarias contra deputados, alcaldes, concelláes e empregados púbricos d'aquel país agora xunguido á República d'alén os Pirineos.

Ôs laios que deitan da Alsacia resposlan os xornaes de París falando da sacrosanta unidade nacional e de rexionalismo ben entendido, que debe limitarse ô folk-lore e á cociña. N'unha verba, que a Prensa parisién, fainos lembrar da madrileña – di *Gaziel* – con respeuto a Cataluña.

É, pois, o de Alsacia, un caso interesantísimo pra nós, que no porvir ha de nos ofrecere curidosas leicións de moito proveito.

Unha vegada meis imos ver experimentalmente, concruye *Gaziel*, qué método e millor pra tratar eses estados clínicos da política d'un país que se caraiterizan pol-a irrupción e erguemento súpeto, fatal, das almas rexionaes: o de pecharíles de firme o paso, saia o que saia, termando de os esmagar co rodelo da uniformidade, ou de acollel-os con amore, garimosamente, deixándolle• sua indomabre persoalidade, coma son d'unha nota crara e única, pro fundíndoa, con todal-as compremenlarias, n'un magno acorde maior.

A "SOCIEDAD CULTURAL CURROS ENRÍQUEZ" DE CELANOVA

Ista sociedade no pouco tempo que leva d'eisistenza ten realizado xa unha serie de actos culturaes e proleuta outros da meirande importancia e intrés.

Invitados por ela diron conferenzas Euxenio Montes, Vicente Risco e Florentino L. Cuevillas. Pra logo anúnciase outra conversa a cargo de Ramón Otero e coincidindo co-as festas das Marzas poráse a pirmeira pedra d'un moimento a Curros e celebrarase unha velada no seu honor a que mandarán adesión moitos escritores galegos e que ha ser presidida por un fillo ilustre da nosa Terra.

Acesamente damol-o parabén á Sociedade Curros Enríquez e ó seu presidente Fernando Meleiro.

LETRAS D'AFORA

RAINER MARIA RILKE

O coro d'espalladas voces dos puros artistas da verba e do pensamento xuntouse n-istes días pra honra d'un outo e raro poeta. Din os qu'o coñeceron, coma cicais a y-alma latexante d'estrela de Rilke tiña voado fai tempo, dosito dinantes qu'o probe corpo feble finara mosoedade romántica d'un castelo do Valais, na ampantes neveiros, héroica beethoveniana Rel torrentes baixo os abetos pensatibres! De feito Rilke viviu en compaña da *sua* morte Nos *Cahiers de Malte Laurids Brigge*, a obra capital en prosa do poeta, a morte (non con *M.* senón a sua, a de Malte) é cicais o personaxe sempre presente no diálogo interior. Di Antonio Marichalar no derradeiro número da *Revista de Occidente*: «No estaba muerto; pero ido sí. Era un turbio despojo fantasmal. Vivía, como había vivido siempre, como un trasgo medroso, como un duende: alma en pena que va por donde quiera, sin dejar huella de su paso jamás». Non s'albisca nas derradeiras frases un *trémolo* romántico? Fai pouco, un novo non s'astrevía a escribilas.

É preciso falar do seu vivir, das suas relaciós. Nasceu en Praga no 1775; deixou a Escola Militar, fixo estudos en Munich, en Praga, en Italia. Nos primeiros versos hai lembranzas do Goethe lírico, de Heine. Porqué non siñala' coma infruenza direitora a de Novalis? Principiou a ser grande artista cando voltou os ollos• xa cansos de leiras, ô chán patricio. É a lei de todol-os verdadeiros poetas. «De que fonda maneira m'enfeliza – a cántiga do pobo de Bohemia – Paseniñamente entra no curazón – e faino pesado d'emozón – Cando un rapaz xogando – asubía calquer aire do pobo – a sua cántiga inda m'acompaña – na noite, ô fondo do meu ensoño».

Viu Rusia no 189? (Dostoyewsky, Tolstoi, con quen falou moito). Logo a Francia (Rodin) o Norte (Dinamarca, Suecia), a Arxelia tamén doada, nas vacaciós do pensamento a André Gide, Venecia na amizade da derradeira muller capaz de levar a coroa de dogaresa e de se casar co morno Adriático bizantino: Eleonora Duse. Andivo moito por España coma Hauptmann. Por onde? Non se franqueou con ninguén. Logo moitos anos en París. Un bó departamento no Hotel Biron (Rilke era rico entón, arruinouno a grande guerra), amizade de Paul Valery, Gide, Verhaeren, medos, escapadas, eisaltazón das puras potenzas do espríto. No 1914 pechouse no malencónico castelo de Muzot. Ó igoal que a *Obermann*, os Alpes acolleron coma peirucios ô grande isolado. Un castelo pequeniño, terribremente soilo n-un vasto hourizonte de montes tristeiros; cámaras antigas e pensativas de sombrizo moblaxe e pouca luz «lembra Paul Valery.

Cando se pubricaron en francés os *Cahiers de Malte Laurids Brigge*, os poetas franceses e algús de fora (Marichalar) fixéronlle o homaxe tidoado *Reconnaissance á Rilke*. Na dita obra o persoaxe danés é Malte con a trasposición da persoalidede de Rilke, o froreciimento da sua longa esperencia íntema das pantasmas. Poucos libros van no século de poesía e sentimento tan descobridor de novos acentos d'insospeitadas lonxanías nas verbas e no misteiro do mundo interior. E logo a estraneza das silluaciós, das lembranzas e a in-

terpretación dos feitos diarios. Un anaquiño calquera:

«E si penso n-outros que eu vin ou dos qu'ouvín falar, sempre a mesma cousa. Todos levaban a morte n-iles. Istes homes qu'a levaban na coraza coma un prisoneiro; istas mulleres que se voltaban velliñas engurruñadas e tiñan unha morte fina e fidalga, no grande leito, com'un esceario, diante toda a familia, os criados e os cás da casa. Si, hasta os nenos, inda de pequeniños, non tiñan unha morte calquera de nenos: refacíanse e morrían asegún iles eran e asegún fosen a sere».

«E de que malencóneco dulzore era a beleza das mulleres encinta, cando de pé, sin querelo, deixaban caír as maus longas sobr'o ventre enchido de dous froitos: un neno e unha morte! Seu sorrir páledo, soila vida no rosto valeiro, non viña de que cicais coidaron sentire medrar un e outra dentro de si»?

Ten moitos poemas alemás e franceses. Os primeiros traducidos por Valery e por Maurice Betz. Os derradeiros que fixo compoñen o volume *Vergers*.

Unha opinión de Rilke sobr'a poesía: «Pois os versos non son sentimentos senón esperencias. Pro fazer un soilo verso é preciso ter ollado moitas vilas, homes, e cousas. É preciso repensar camiños en terras desconecidas, en viaxes que se ven longamente chegar nos dias da infancia inda cheos de misteiro, nos mares, nas noites de viaxe. É preciso sabelos esquecer cando son moitos e ter a gran pacencia d'agardar a que volten. Pois por iles non son nada. Soilo cando chegan a sere en nós sangue, ollar, xesto, cando non teñen nome e non se distinguen de nós, soilo entón, pode acontecer que n-unha hora moi rara, xurda d'entr'iles a primeira verba d'un verso».

Libro de imaxes. Elexías de Duino, Sonetos a Orfeo. Pra rematar, dous poemiñas de *Camiños:*

«Camiños que non levan a ningures – entr'os lameiros – e diríase qu'afastados – adrede do seu ouxeto – camiños qu'ás veces non ollan – diante d'eles – mais qu'o espazo puro – e a primaveira».

«Segue calada si o Anxo – de súpeto se senta na tua mesa – docemente desfai as enrugas – do mantel baixo o teu pan – Ofréceelle teu esgrevio compango – pra qu'il á sua volta o probe – e que erga ô seu beizo puro – a sinxela copa de todol-os-dias».

R. O.

UN NOUVEAU MOYEN AGE.

por Nicolás Berdiaeff.

Iste libro está chamado a espertar moitas cavilacións encol do tema vital da decadenza d'Ocidente e dos camiños do porvir. Un estudoso d'hoxe pódese fazer unha especialidade soilo con seguire atentamente a maneira d'enxergal-o probrema. Por falla de perspeutive inda non sabemos si os libros traballan na marcha das sociedás coma n-outrora, si é qu'os estudosos non se lles dá demasiada importancia por aquelo do oficio. Si a sensibilidade social se deixa traballar pol-as ideias, n-hai dúbida que Berdiaeff deixará un vibradoiro ronsel. Ara destemido, forte e sinxelo. O seu fanal de proa loce misticamente. E a mau do timoeiro vai guiada por un seguro sentimento cristiao. Deus vai sendo algo mais que o iceberg â deriva qu'axexa Ortega e Gasset cos seus ollos escoliastas de literato. É intresante a carreira d'iste Berdiaeff, home d'entrecello e naris eslava (a carátula que se pega â vidreira acedando a dixestión do burgués ben calafateado) e cabeleira de Kappelmeister ou profesor de filosofía co seu anaco de calva crecedeira. Foi, naturalmente, marxista e levaría aquiles sombreiros brancos dos sozialdemocratas do 1900. Mais n-iste ano rompeu co socialismo comunista co libro *Suxetivismo e individualismo na filosofía social*, ô que seguiron outros (*Filosofía da Liberdade, O senso do auto criador, Filosofía da historia)* inspirados no pensamento ruso ortodoxo, da Eirexa patriarcal frente do Santo Sínodo, demasiado apegado ôs dourados do poder. Foi exilado pol-o zarismo. Logo, baixo os Soviets seguiu profesando na sua cátedra de Moscou un ensino cristiao, o que lle valeu a cadea e o desterro en 1922.

No seu novo libro, compretando o pensamento dos devanceiros, Berdiaeff faise profeteco e asegura qu'estamos entrando n-unha nova Edade Media. O Humanismo (o espírito do Renacemento) está xa morto. Esgotou as suas limitadas posibilidás Limitadas por que o Humanismo, cada vegada mais distanciado de Dios, rematou por se distanciar por compreto tamén do home, pois iste non eisiste senón coma imaxe e lembranza de Deus. O proceso desenrolouse dende o final da Edade Media hastra os derradeiros do século dazanove. O principio foi unha cousa fermosa o ollar as forzas criadoras do home traballando celbes. Unha primaveira soante de xogos. Mais por demasiado confiado en si, por demasiado humán, o sentimento moderno foise queimando n-unha lampa crecente chegando ás iristes furias (positivismo, socialismo, anarquía) ben conoscidas. E o vello Adán apartándose da gracia pra facer a esperencia da natureza. O home ledamente liberado ô prir cipio, chegou a afundirse no informe dos elementos inferiores da vida (marxismo, comunismo, imperio do Estado). A civilización (no senso de Spengler, xa clásico) que fuxín de Deus e erguer tantos veos d'ilusión, caeu na guerra e na re-

volución. Coma Rusia non soupo do Humanismo e por iso fixo a revolución bolchevique, de fondo relixoso, pois vai levada contra Dios, é *satanocrática*, pois o pobo ruso ten que realizar ou a fraternidade en Cristo ou a camaradería no Anticristo. Berdiaeff profetiza un definitivo rexurdimento do esprito cristián que fará un réxime *demótico*, non democrático, que santificará o traballo lixado pol-o capitalismo e o socialismo e criará o ascetismo salvador. O autor, nemigo do feminismo de hoxe, pensa pr'a muller unha función mais outa. A muller, mais achegada por natureza â y-alma cósmica, foi por mala vía no movemento da emancipación; ela será ô igoal que no Evanxeo a portadora dos aromas cando na nova Edade Media o senso místeco do amor se volva car'â eternidade.

O libro de Berdiaeff está presentado en francés pol-a casa Plon, un dos órgaos do movemento tomista moderno, do que inxire un sentemento filosófico cristiao nos paisaxes espirituaes das novelas, nos temas dos ensaios, na maneira d'enxuiciar os libros. A casa Plon ten sua editorial e libreiría na rue Garanciere, calada, sabia, pensativa, preto de San Sulpicio, o tempro das grandes misas orquestadas, e da fonte dos catro bispos, no cerne de Paris ecresiástico no qu'inda interesa Port-Royal.

R. O.

REVISTAS

CÉLTIGA, Bós Aires, 25 I 1927.

ORIXINÁS de Xulio Sigüenza, João de Deus, Leandro Carré, Lois Tobio, Herminia Fariña, Paz Andrade, M. García Barros, etc. Poñamos en releve as afinadas verbas de Paz Andrade encol das língoas ibéricas na Real Academia Hespañola, que resumen o sentir de moitos galegos, eceis os mais asisados e que millor se decatan do choyo

«Pra nós a reforma que vimos comentando, non ven a ser outra cousa que a centralización do úneco que non estaba centralizado. O Estado, en troques de nos tirar coa esmola de dous académicos, e de nos afalagar, solermiño, descernindolle oficialmente a categoría de idiomas ôs que algús parvos aínda viñan reputando dialeutos, en realidade o que ven é a nos arrebatare de feito a faculta de inalienebre d'exercer a hexemonía da nosa fala; ven a nos disputar o dereito e a misión de coidala, refacela, perfeucionala i-espellala coma nos pete».

A cousa ven lógo razoada. En todo caso, coidamos debermos chamar a atención sobr'o pensar do Paz Andrade, que adimais non é il soilo en sosler.

EL DESPERTAR GALLEGO

ISTE órgao da Federación de Sociedades Agrarias e Culturales dos galegos da Arxentina trainos a cada novo número unha nova alegría e unha nova espranza.

Nunca, en ningunha coleitividade de galegos emigrados se traballou tanto, con tanto antusiasmo e tanta intelixencia com'agora se ven traballando na colonia residente na Repúbrica do Plata.

Suárez Picallo, Blanco Amor, D. Rial Seijo, Alonso Ríos, Isla Couto, Xulio Sigüenza, Cao Turnes e outros moitos, homes todos de rexa ideoloxía, de forte cultura, d'intelixencia crara e precureda e sobor de todo de vontade varuda, teñen posto mau na tarefa de galeguizar ôs que se esquecen da terra e de tirar a máscara ôs desleigados.

Serie cousa longa o enumerar ô miudo a serie de labouras que teñen feito, loitando de cote ca indifrenza suicida ou cas ruís intencións mais ou menos encobertas, e mencionaremos soio a Semana Gallega, de cuio programa xa terán noticia os nosos leutores pol-a prensa diaria, programa que se cumpriu en todal as suas partes e no meio do meirande antusiasmo.

As verbas acesas de Sigüenza, Blanco Amor, e Picallo, non deberán caír en terra erma e a semente das ideas boas e xenerosas prenderían n-algús corazós.

Ô felicitarmos ôs nosos irmaus da Arxentina compre que o fagamos tamén â Federación patrocinadora da Semana Gallega, e ô mesmo tempo, que dirixirlles unha súprica: que as Sociedás que a constituen non deixen esmorecer a suscrición aberta pro libro escolar galego, cuia necesidade sintese mais cada día.

A NOSA TERRA
Febreiro 1927.

SUMARIO: *Ao decorrel-os días; Esquemas e lembranzas*, R. Otero Pedrayo; *Cousas*, Víctor Casas; *No camiño de Sant'Yago* (diario da pelengrinaxe), X. Pardo; *Marxinales*, Francisco Abelaira; *Lírica*, José M. Cabada Vázquez; *Lembranza dos loitadores. As cobas dos céltigos*, Xuan Fernández Merino; *Unha bandeira no eo; Da renacenela galega: A evolución do galego e os seus críticos*, V. Risco; *Flores de Portugal; Francisco María de la Iglesia* (encol do seu centenario); *Lecturas*.

LEA VOSTEDE A REVISTA MENSUAL **NÓS** BOLETIN DA CULTURA GALEGA

Imprenta LAR. Real, 36 - 1.º A Cruña

Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTOLOGO

Mediciña e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais compreta de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5-1.º — A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

Droguería e Farmacia

Progreso esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu·os de pruma e limpa millor

Véndense en todol-os estabrecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Reloxeria ZENITH

Máquinas parlantes, Discos

Agullas e Accesorios

M. Calviño

OURENSE

SOMBRERERÍA

LEMUS

S. Andrés 71-1.º CORUÑA

A mais económica de Galicia

MERQUE VOSTEDE

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA

por Ramón Otero Pedrayo

SANATORIO QUIRURJICO

DIREITORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todal-as condicións precisas.—Prauticase toda crás d'operacións.—Dotado de todol-os adiantos que pide a aulual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 200.000 volitos.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Anexites, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera. Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra violeta pra tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecias, eczemas, etcétera. Admítense embarezadas, e cóniase con material esterelizado pra fora da cibdade en casos d'urxencia.—Poden colaboraren todol-os compañeiros, previo consentemento dos direitores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de

M O N D A R I Z

FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO

Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Octubre

PÚXOSE Á VENDA

HOSTIA: POR ARMANDO COTARELO

SEIS reás

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19 Teléfono 28

OURENSE

ADEQUIRA

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA: POR R. OTERO PEDRAYO

TRES pesetas